

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**15337** *Lei 11/2012, do 19 de decembro, de medidas urxentes en materia de ambiente.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

O dereito constitucional a gozar dun ambiente adecuado para o desenvolvemento da persoa obriga a que os poderes públicos establezan mecanismos eficaces para protexelo e conservalo. Este fin só se pode alcanzar procurando a compatibilidade da actividade humana coa preservación do ambiente. Para iso, a lexislación ambiental debe ser clara e outorgar seguridade xurídica. Nunha situación como a actual, na cal se están a encarar profundas reformas estruturais que permitan a reactivación da nosa economía e a xeración de emprego, resulta indispensable a reforma urxente de certos aspectos da nosa lexislación ambiental que contribúan a lograr ese obxectivo, sen mingua do principio de protección.

A reforma que acomete a presente lei oriéntase á simplificación administrativa, eliminando aqueles mecanismos de intervención que pola súa propia complexidade resultan ineficaces, e o que é máis grave, impoñen demoras difíciles de soportar para os cidadáns e dificultades de xestión para as administracións públicas. A simplificación e axilización administrativa das normas ambientais que se promove, ademais de ser necesaria en si mesma, resulta un medio idóneo para acompañar as reformas que, con carácter urxente, o Goberno puxo en marcha.

Esta reforma parte do presuposto de que a eficacia das normas ambientais non se pode identificar coa xustaposición de plans, programas, autorizacións, permisos e outras medidas de difícil aplicación real e práctica. Antes ao contrario, unha protección eficaz non concorda co exceso retórico e normativo que leva á atrofia, e exige o establecemento de regras claras e sinxelas que protexan o ambiente e fomenten un desenvolvemento compatible e integrado nel. En suma, a lexislación ambiental tamén debe ser sustentable.

De acordo con estes obxectivos modifícase a Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, xa que a súa aplicación revelou certos desaxustes que exigen ser corrixidos coa máxima prontitude, posto que están a xerar atrasos innecesarios aos cidadáns e inconvenientes difíciles de superar ás administracións públicas encargadas da xestión dos espazos protexidos e da Rede Natura 2000. Así, naqueles casos en que se solapan varias figuras de protección, dispónse que se consolidarán e unificarán todas elas nun único instrumento de protección. Ao tempo, garántese a compatibilidade da protección coas necesidades de desenvolvemento propias dos núcleos urbanos, a través, precisamente, da planificación dos espazos naturais. Tamén resulta urxente a habilitación para que regulamentariamente se institúa un procedemento para comunicarlle á Comisión Europea as medidas compensatorias que se adopten no marco do disposto no artigo 45.5 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Igualmente, cómpre introducir modificacións na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, coa finalidade de simplificar e reducir as cargas administrativas que ocasionaban ambigüidade, incerteza e inseguridade na aplicación da norma. O que se debe resolver coa maior brevidade. Así mesmo, para eliminar a indeterminación e inseguridade xurídica, era indispensable delimitar as competencias

sancionadoras das entidades locais nesta materia, dispoñendo que as exercerán respecto dos residuos cuxa recollida e xestión lles corresponda.

En prevención de que se poida producir unha situación de seca, e sen prexuízo das decisións que nese contexto se deban tomar, a presente lei adiántase e introduce unha serie de medidas que pretenden conseguir un uso máis adecuado da auga, a través dunha xestión eficaz e coordinada en que se preserve como principio fundamental o de unidade de xestión de bacía.

Coa finalidade de racionalizar a xestión e uso da auga, en liña coa Directiva 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000, marco da auga, regúlanse as masas de auga subterránea e o bo estado destas. O réxime introducido na presente lei permite reaccionar con rapidez ante os problemas que se detecten nas masas de augas subterráneas, así como unha maior flexibilidade para xestionar as dispoñibilidades de auga nas masas que contén cun plan de actuación.

Na mesma liña, esta lei incorpora medidas que incentivan, como mecanismo potestativo, a transformación dos dereitos de aproveitamento privados de augas a dereitos concesionais, co obxectivo, entre outros, de facilitar e mellorar a xestión de episodios meteorolóxicos e hidrolóxicos desfavorables.

Incorpórase unha disposición específica para a cesión de dereitos no ámbito territorial do Plan especial do Alto Guadiana, cuxa aplicación urxente impida unha nova deterioración do acuífero e permita manter a sustentabilidade das instalacións agrícolas derivadas e unha reordenación dos dereitos de uso das augas tendente á recuperación ambiental dos acuíferos.

Por outra parte, esta lei reforza a potestade sancionadora en materia de augas, imprescindible para garantir a correcta aplicación da lexislación substantiva. O que era absolutamente necesario e urxente tras a declaración de nulidade parcial da Orde MAM/85/2008, do 16 de xaneiro, pola que se establecen os criterios técnicos para a valoración dos danos ao dominio público hidráulico e as normas sobre toma de mostras e análise de verteduras de augas residuais, pola sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Contencioso-Administrativo) do 4 de novembro de 2011, ditada no recurso de casación número 6062/2010. Desta forma, incorpóranse ao texto refundido da Lei de augas, sen prexuízo do ulterior desenvolvemento regulamentario, os criterios xerais que se tomarán en conta na valoración do dano causado no dominio público hidráulico, determinantes para cualificar a infracción. En definitiva, garántese o exercicio da potestade sancionadora con pleno respecto ao principio de legalidade (artigo 25 da Constitución), na súa dobre vertente de reserva legal e tipicidade.

O Real decreto lei 12/2011, do 26 de agosto, engadiu ao texto refundido da Lei de augas unha disposición adicional décimo cuarta que habilitaba determinadas comunidades autónomas para o exercicio de facultades de policía de dominio público hidráulico nas bacías intercomunitarias, así como para a tramitación dos procedementos a que desen lugar as súas actuacións ata a proposta de resolución. Por iso, cómpre evitar que con esta reforma legal se poida ver afectado o principio de unidade de xestión das bacías hidrográficas intercomunitarias, elevado a principio constitucional polo Tribunal Constitucional nas súas sentenzas 227/1988, 161/1996 e 30 e 32/2011. E saír ao paso dos desenvolvementos normativos que sobre esta materia realizasen ou poidan realizar as comunidades autónomas habilitadas por esa disposición adicional.

Pola súa vez, o artigo cuarto deriva do Regulamento (UE) n.º 1210/2011 da Comisión, do 23 de novembro de 2011, polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1031/2010 (Regulamento de poxas), en particular co fin de determinar o volume dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro por poxar antes de 2013. A dita norma establece que se deberá poxar en 2012 un volume total de 120 millóns de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro no conxunto da Unión Europea. No anexo I do regulamento, onde se desagrega o volume que poxará cada Estado membro, establécese que a España lle corresponderá poxar en 2012 a cifra de 10.145.000 dereitos. Os traballos para a contratación da plataforma común transitoria, onde se realizarán as poxas ata que a

plataforma definitiva sexa designada, encóntranse moi avanzados e estímase que as poxas poderán comezar inmediatamente.

Nese sentido, o artigo cuarto modificativo da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, responde á necesidade de que, conforme o artigo 43 do Regulamento de poxas, os Estados membros aseguren que as medidas nacionais mediante as que se traspoñen os artigos 14 e 15 da Directiva 2003/6/CE sobre as operacións con información privilexiada e a manipulación do mercado se aplican en relación coas persoas responsables do incumprimento dos artigos 37 a 42 do regulamento, nos cales se establece o réxime relativo ao abuso de mercado aplicable a produtos poxados distintos dos instrumentos financeiros, en relación con poxas celebradas no seu territorio ou fóra del. En consecuencia, é necesario desenvolver a normativa que permite ás entidades financeiras concorrer ás poxas por conta propia ou en nome de clientes, investir a Comisión Nacional do Mercado de Valores das facultades de supervisión, inspección e sanción en relación coas condutas relativas ao abuso de mercado, establecer as infraccións aplicables a estas condutas, así como introducir os deberes de cooperación da Comisión Nacional do Mercado de Valores con outras autoridades competentes para os efectos de garantir o réxime previsto para o abuso de mercado en operacións con contratos de contado.

En definitiva, a adopción da modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, recollida nesta lei responde á necesidade de ter adaptada a lexislación financeira española ante o inminente comezo das poxas de dereitos.

**Artigo primeiro.** *Modificación do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.*

O Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, modifícase do seguinte xeito:

Un. A letra c) do artigo 28 queda redactada como segue:

«c) Adoptar os acordos relativos aos actos de disposición sobre o patrimonio dos organismos de bacía.»

Dous. Modifícase a letra f) do artigo 28, que queda redactada nos seguintes termos:

«f) Declarar as masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico e as medidas para corrixir as tendencias que poñan en perigo o bo estado mediante a aprobación do programa de actuación para a recuperación, de conformidade co artigo 56, sen prexuízo das que poidan corresponder a outras administracións públicas.»

Tres. Engádese un número 2 no artigo 30, e o actual número 2 pasa a renumerarse como 3, que terá a seguinte redacción:

«2. No marco dos parágrafos d) e e) do punto anterior, corresponderalle de xeito especial:

a. Ordenar a execución dos acordos da Xunta de Goberno e dos demais órganos colexiados que preside.

b. Exercer as facultades de contratación propias do organismo.

c. Autorizar os gastos que se realicen con cargo a créditos do orzamento do organismo e ordenar os pagamentos correspondentes.

d. Desempeñar a xefatura de persoal e servizos.

e. Outorgar as concesións e autorizacións de aproveitamento do dominio público hidráulico e as autorizacións relativas ao réxime de policía de augas e leitos, agás aquelas cuxa resolución corresponda ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

f. Aplicar as normas do Regulamento do dominio público hidráulico en materia de policía de augas e os seus leitos, incluído o réxime sancionador, dentro dos límites da súa competencia.

g. Resolver os recursos administrativos que se deduzan contra as resolucións das comunidades de usuarios e do propio organismo de bacía con excepción dos que correspondan polo seu contido á Xunta de Goberno do organismo ou ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

h. Coordinar e dirixir a aplicación do previsto no título VI desta lei sobre os canons e a tarifa.

i. Autorizar a redacción e aprobar definitivamente os proxectos de obras, instalacións e subministracións que deban ser realizados con cargo aos fondos propios do organismo.

j. Exercer as funcións expropiatorias en materia de augas, nos termos previstos na lexislación vixente.

k. Informar a Dirección Xeral da Auga sobre os efectos sociais dos proxectos correspondentes a obras que lle encomende ao organismo o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

l. Emitir informe sobre as propostas de nomeamento e cesamento dos titulares das unidades administrativas directamente dependentes da Presidencia dos organismos de bacía.»

Catro. Modifícase o artigo 56, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 56. *Masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico.*

1. A Xunta de Goberno, sen necesidade de consulta ao Consello da Auga, poderá declarar que unha masa de auga subterránea está en risco de non alcanzar un bo estado cuantitativo ou químico; nese caso, levaranse a cabo as seguintes medidas:

a) No prazo de seis meses, o organismo de bacía constituirá unha comunidade de usuarios, se non a houber, ou encomendará as súas funcións con carácter temporal a unha entidade representativa dos intereses concorrentes.

b) Logo de consulta coa comunidade de usuarios, a Xunta de Goberno aprobará no prazo máximo dun ano, desde que tivese lugar a declaración, un programa de actuación para a recuperación do bo estado da masa de auga, que se incluírá no programa de medidas a que fai referencia o artigo 92 quáter. Ata a aprobación do programa de actuación poderanse adoptar as limitacións de extracción así como as medidas de protección da calidade da auga subterránea que sexan necesarias como medida cautelar.

2. O programa de actuación ordenará o réxime de extraccións para lograr unha explotación racional dos recursos co fin de alcanzar un bo estado das masas de auga subterránea, e protexer e mellorar os ecosistemas asociados, para o cal poderá, entre outras medidas:

a) Establecer a substitución das captacións individuais preexistentes por captacións comunitarias, transformándose, de ser o caso, os títulos individuais cos seus dereitos inherentes, nun colectivo que se deberá axustar ao disposto no programa de actuación.

b) Prever a achega de recursos externos á masa de auga subterránea; nese caso incluírá os criterios para a explotación conxunta dos recursos existentes na masa e dos externos.

c) Incluír un perímetro no cal non será posible o outorgamento de novas concesións de augas subterráneas a menos que os titulares das preexistentes

estean constituídos en comunidades de usuarios, de acordo co disposto no capítulo IV do título IV e tendo en conta o previsto na disposición adicional sétima.

d) Determinar perímetros de protección das masas de auga subterránea nos cales será necesaria a súa autorización para realizar obras de infraestrutura, extracción de agregados ou outras actividades e instalacións que poidan afectala, sen prexuízo daquelas outras autorizacións que sexan necesarias de acordo coa lexislación sectorial de que se trate. Tal delimitación e condicións vincularán na elaboración dos instrumentos de planificación así como no outorgamento das licenzas polas administracións públicas competentes na ordenación do territorio e urbanismo.

3. O programa de actuación considerará as condicións nas que temporalmente se poidan superar as limitacións establecidas, permitindo extraccións superiores aos recursos dispoñibles dunha masa de auga subterránea cando estea garantido o cumprimento dos obxectivos ambientais.

4. Cando como consecuencia da aplicación do programa de actuación se mellore o estado da masa de auga subterránea, o organismo de bacía, de oficio ou por instancia de parte, poderá reducir progresivamente as limitacións do programa e aumentar, de forma proporcional e equitativa, o volume que se pode utilizar, tendo en conta, en todo caso, que non se poña en risco a permanencia dos obxectivos xerais ambientais previstos no artigo 92 e seguintes.»

Cinco. Modifícase o número un do artigo 111 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As administracións públicas competentes, en virtude do principio de recuperación de custos e tendo en conta proxeccións económicas a longo prazo, establecerán os oportunos mecanismos para repercutir os custos dos servizos relacionados coa xestión da auga, incluíndo os custos ambientais e do recurso, nos diferentes usuarios finais.»

Seis. Modifícase o número tres do artigo 111 bis, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. Para a aplicación do principio de recuperación de custos teranse en conta as consecuencias sociais, ambientais e económicas, así como as condicións xeográficas e climáticas de cada territorio e das poboacións afectadas sempre e cando iso non comprometa os fins nin o logro dos obxectivos ambientais establecidos.

Mediante resolución da Administración competente, que no ámbito da Administración xeral do Estado corresponderá ao ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, poderanse establecer motivadamente excepcións ao principio de recuperación de custos para determinados usos tendo en conta as mesmas consecuencias e condicións mencionadas e sen que, en ningún caso, se comprometan os fins nin o logro dos obxectivos ambientais correspondentes. Para iso, os organismos de bacía emitirán no prazo de tres meses, con carácter preceptivo e previo á resolución que se adopte, informe motivado que, en todo caso, xustifique que non se comprometen nin os fins nin os logros ambientais establecidos nas respectivas planificacións hidrolóxicas.»

Sete. Modifícase o número sete do artigo 114, que queda redactado nos seguintes termos:

«7. O organismo de bacía, de acordo co establecido neste artigo, determinará as contías do canon de regulación e da tarifa de utilización da auga do ano en curso, e emitirá as liquidacións correspondentes antes do último día do mesmo ano.»

Oito. Modifícase o número un do artigo 117, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As citadas infraccións cualificaranse regulamentariamente de leves, menos graves, graves ou moi graves, atendendo á súa repercusión na orde e aproveitamento do dominio público hidráulico, á súa transcendencia polo que respecta á seguridade das persoas e bens e ás circunstancias do responsable, o seu grao de malicia, participación e beneficio obtido, así como á deterioración producida na calidade do recurso, e poden ser sancionadas coas seguintes multas:

Infraccións leves, multa de ata 10.000,00 euros.  
Infraccións menos graves, multa de 10.000,01 a 50.000,00 euros.  
Infraccións graves, multa de 50.000,01 a 500.000,00 euros.  
Infraccións moi graves, multa de 500.000,01 a 1.000.000,00 euros.»

Nove. Introdúcese un novo número dous no artigo 117, que queda redactado nos seguintes termos:

2. Con carácter xeral, para a valoración do dano no dominio público hidráulico e as obras hidráulicas ponderarase o seu valor económico. No caso de danos na calidade da auga, terase en conta o custo do tratamento que foi necesario para evitar a contaminación causada pola vertedura e a perigosidade desta. Todo iso de acordo co que regulamentariamente se estableza.»

Dez. Os números dous e tres do artigo 117 pasan a ser os números tres e catro, respectivamente.

Once. Queda derogado o número un da disposición adicional sétima.

Doce. Queda derogada a disposición adicional décimo cuarta.

Trece. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo cuarta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Cesión de dereitos e transformación de aproveitamentos por disposición legal en concesións, no ámbito do Alto Guadiana.*

1. Os titulares de aproveitamentos de augas subterráneas, inscritos no Rexistro de Augas, nas seccións A e C, ou anotados no Catálogo de augas privadas, no ámbito definido polo Plan especial do Alto Guadiana, aprobado polo Real decreto 13/2008, do 11 de xaneiro, e suxeito á vixencia deste, poderán transmitilos, de forma irreversible e na súa totalidade, a outros titulares de aproveitamentos, que serán adquiridos mediante a correspondente concesión outorgada polo organismo de bacía, de conformidade co procedemento establecido no mencionado Real decreto 13/2008, do 11 de xaneiro, e suxeita ás seguintes prescricións:

a) O volume de auga concedido será unha porcentaxe do volume obxecto de transmisión. Esa porcentaxe determinarase en atención ás condicións técnicas e ambientais que concorran e, de ser o caso, vinculada ao programa de actuación para a recuperación do bo estado da masa de auga.

b) Cando o uso a que se destine a auga sexa o regadío, non se poderá incrementar a superficie de rega que xa tivese recoñecida o cedente.

c) Outorgaranse por un prazo que finalizará o 31 de decembro de 2035; nese momento terá preferencia o concesionario para obter unha nova concesión.

d) No procedemento prescindirase do trámite de competencia de proxectos.

e) O prazo para a tramitación do expediente de solicitude de concesión será de 9 meses.

2. Excepcionalmente poderanse autorizar os titulares de concesións de augas subterráneas que teñan os seus dereitos inscritos na sección A do Rexistro de Augas para a transmisión irreversible dunha parte dos dereitos de que son titulares a outros titulares de aproveitamentos, sempre que se declare de xeito expreso o volume de auga a que se renuncia e se identifique de forma inequívoca a extensión de terra que se deixará de regar. Esta transmisión realizarase mediante a modificación de características da concesión cedente e o outorgamento de concesión para o cesionario, expedientes que se tramitarán obrigatoriamente de forma conxunta.

3. A cesión de dereitos nos termos establecidos nos dous puntos anteriores poderase efectuar sen infraestruturas de condución cando o cedente e o cesionario pertencen á mesma masa de auga subterránea.

4. De forma excepcional poderanse outorgar novas concesións a titulares de explotacións agropecuarias que cumpran as condicións establecidas no programa de actuación, se quen as solicita adquiere de xeito definitivo, segundo o disposto no número 1 ou no número 2 desta disposición adicional, o volume total precisado máis a porcentaxe que fixe a Confederación Hidrográfica do Guadiana.

5. Esta disposición non se aplicará aos titulares dunha concesión outorgada en virtude do disposto no artigo 5 do anexo 1 do Real decreto 13/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Plan especial do Alto Guadiana, cando teñan a condición de cedentes.

6. Os titulares de aproveitamentos por disposición legal situados no ámbito definido polo Plan especial do Alto Guadiana, aprobado polo Real decreto 13/2008, do 11 de xaneiro, que na data de entrada en vigor desta disposición adicional estean inscritos na sección B do Rexistro de Augas, ou que solicitasen, de acordo co artigo 54.2 desta lei, a preceptiva autorización sempre que finalmente lles sexa concedida, poderán solicitar a súa transformación nunha concesión de augas públicas que se outorgará co volume máximo anual recoñecido e para o mesmo ou superior uso.

A solicitude someterase a información pública no ámbito que determine a Confederación Hidrográfica do Guadiana, cando se considere que poida afectar dereitos de terceiros e sempre no concello en cuxo termo municipal radique o predio. Prescindirase do trámite de competencia de proxectos e exixirase o informe de compatibilidade co Plan hidrolóxico e o da Administración competente en función do uso a que se destine.

Nos predios en que o aproveitamento por disposición legal se transformase en concesión, non se poderá realizar ningún aproveitamento ao abeiro do artigo 54.2 desta lei».

Catorce. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo quinta, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional décimo quinta. *Referencias aos acuíferos sobreexplotados.*

As referencias no articulado desta lei aos acuíferos sobreexplotados entenderanse feitas ás masas de auga subterránea en risco de non alcanzar o bo estado cuantitativo ou químico.»

Quince. Introdúcese unha nova disposición transitoria terceira bis, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria terceira bis. *Disposicións comúns á aplicación do punto terceiro das disposicións transitorias segunda e terceira.*

1. Para os efectos de aplicación do punto terceiro das disposicións transitoria segunda e terceira, consideraranse modificación das condicións ou do réxime de aproveitamento, entre outras, as actuacións que supoñan a variación da

profundidade, diámetro ou localización do pozo, así como calquera cambio no uso, situación ou variación de superficie sobre a que se aplica o recurso no caso de aproveitamentos de regadío.

A Dirección Xeral da Auga ditará unhas instrucións en que se establezan os criterios técnicos para a aplicación uniforme do establecido neste punto.

2. A concesión a que fan referencia as disposicións transitorias segunda e terceira nos seus puntos terceiros outorgarase, por instancia de parte, sen procedemento de competencia de proxectos, exixirá o informe de compatibilidade co Plan hidrolóxico e o da Administración competente en función do uso a que se destine, someterase a información pública e, en caso de existir comunidade de usuarios, solicitarase informe a esta.

3. A concesión que se outorgará terá as seguintes características:

a) O prazo da concesión non será inferior ao establecido na súa inscrición na sección C do Rexistro de Augas; nese momento terá preferencia o concesionario para obter unha nova concesión.

b) Recollerá as características con que o aproveitamento estea incluído na sección C do Rexistro de Augas da bacía, con excepción das características obxecto de modificación que motivasen o inicio do procedemento, e logo de comprobación da súa adecuación á realidade por parte do organismo de bacía.

4. No caso de que a concesión se refira a masas de auga subterránea declaradas en risco de non alcanzar os obxectivos de bo estado a que se refire o artigo 56, a concesión estará sometida ás limitacións establecidas no programa de actuación ou, no seu defecto, ás medidas cautelares relativas á extracción ou de protección da calidade da auga subterránea que, de ser o caso, se establezan.

5. Cando a modificación das condicións ou réxime de aproveitamento non fose comunicada polo seu titular ao organismo de bacía para a súa autorización, sen prexuízo da aplicación do procedemento sancionador previsto, o organismo de bacía requirirá o interesado para que solicite e obteña a correspondente concesión.

6. O outorgamento da concesión comportará a extinción simultánea do dereito sobre augas privadas recoñecido ata ese momento.»

Dezaseis. Introdúcese unha nova disposición transitoria décima, que queda redactada nos seguintes termos:

Disposición transitoria décima. *Transformación de dereitos privados en concesionais.*

1. Os titulares de aproveitamentos de augas inscritos no Catálogo de augas privadas da bacía a que se refire a disposición transitoria cuarta poderán solicitar en calquera momento a inscrición no Rexistro de Augas da bacía, para o que instarán o outorgamento da correspondente concesión.

2. O trámite de outorgamento da concesión levarase a cabo sen competencia de proxectos e exixirá, ademais do informe de compatibilidade co Plan hidrolóxico e o da Administración competente en función do uso a que se destine, a práctica do trámite de información pública e, en caso de existir comunidade de usuarios, a solicitude de informe a esta.

3. A concesión que se outorgue terá as seguintes características:

a) O termo da concesión será o 31 de decembro de 2035; nese momento terá preferencia o concesionario para obter unha nova concesión.

b) Recollerá as características con que o aproveitamento estea incluído no Catálogo de augas privadas da bacía, singularmente no que se refire ao uso da auga, logo de comprobación da adecuación destas características á realidade por parte do organismo de bacía.



4. Non obstante, cando a solicitude de concesión se refira a masas de auga subterránea declaradas en risco de non alcanzar un bo estado e que contén co programa de actuación a que se refire o artigo 56, a concesión estará sometida ás limitacións establecidas no dito programa. Cando non exista un programa de actuación aprobado, non se poderá instar a transformación do dereito.»

**Artigo segundo.** *Modificación da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.*

A Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, queda modificada do seguinte xeito:

Un. O número 2 do artigo 28 modifícase nos seguintes termos:

«2. Se se solapan nun mesmo lugar distintas figuras de espazos protexidos, as súas normas reguladoras así como os mecanismos de planificación deberán ser coordinados para se unificaren nun único documento integrado, co obxecto de que os diferentes réximes aplicables en función de cada categoría conformen un todo coherente.»

Dous. A letra a) do número 1 do artigo 45 modifícase como segue:

«a) Adecuados plans ou instrumentos de xestión, específicos aos lugares ou integrados noutros plans de desenvolvemento que inclúan, polo menos, os obxectivos de conservación do lugar e as medidas apropiadas para manter os espazos nun estado de conservación favorable. Estes plans deberán ter en especial consideración as necesidades daqueles municipios incluídos na súa totalidade ou nunha gran porcentaxe do seu territorio nestes lugares.»

Tres. A disposición derradeira oitava queda redactada nos seguintes termos:

«1. O Goberno, no ámbito das súas competencias, ditará as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta lei.

En particular, facúltase o Goberno para introducir cambios nos anexos coa finalidade de adaptalos ás modificacións que, se é o caso, introduza a normativa comunitaria.

2. Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para o desenvolvemento regulamentario do procedemento de comunicación da información oficial sobre espazos protexidos Rede Natura 2000, entre as comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado e a Comisión Europea, a que se refiren os artigos 42 e 44.

3. Facúltase o ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para regular o procedemento de comunicación á Comisión Europea, tanto das medidas compensatorias adoptadas para plans, programas ou proxectos, segundo o disposto no artigo 45.5, como para a consulta previa á Comisión Europea, segundo o disposto no artigo 45.6.c).»

**Artigo terceiro.** *Modificación da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.*

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, queda modificada nos seguintes termos:

Un. Modifícase o artigo 21 nos seguintes termos:

a) O número 1 do artigo 21 queda redactado como segue:

«1. As autoridades ambientais, no seu respectivo ámbito competencial e en atención aos principios de prevención e fomento da reutilización e a reciclaxe de

alta calidade, adoptarán as medidas necesarias para que se establezan sistemas prioritarios para fomentar a reutilización dos produtos, as actividades de preparación para a reutilización e a reciclaxe. Promoverán, entre outras medidas, o establecemento de lugares de almacenamento para os residuos susceptibles de reutilización e o apoio ao establecemento de redes e centros de reutilización. Así mesmo, impulsaranse medidas de promoción dos produtos preparados para a súa reutilización e produtos reciclados a través da contratación pública e de obxectivos cuantitativos nos plans de xestión.»

- b) Suprímese o número 2.
- c) Os números 3, 4, 5 e 6 pasan a ser os números 2, 3, 4 e 5, respectivamente.

Dous. Modifícase o número 3 do artigo 25, que queda redactado do seguinte xeito:

«3. Os operadores que vaian realizar un traslado de residuos para destinalos a operacións de eliminación deberán presentar unha notificación previa ás autoridades competentes da comunidade autónoma de orixe e da de destino.

Así mesmo, deberán presentar unha notificación previa ás mesmas autoridades os operadores que vaian realizar un traslado para a valorización de residuos domésticos mesturados, de residuos perigosos e dos residuos para os que regulamentariamente se determine.

As notificacións poderán ser xerais, coa duración temporal que se determine regulamentariamente, ou poderanse referir a traslados concretos.

Para os efectos da presente lei entenderase por operador o definido como notificante no artigo 2.15 do Regulamento (CE) n.º 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo ao traslado de residuos.»

Tres. Modifícase a letra d) do número 2 do artigo 31, que queda redactada nos seguintes termos:

«d) Establecer sistemas de depósito que garantan a devolución das cantidades depositadas e o retorno do produto para a súa reutilización ou do residuo para o seu tratamento nos casos de residuos de difícil valorización ou eliminación, de residuos cuxas características de perigosidade determinen a necesidade do establecemento deste sistema para garantir a súa correcta xestión, ou cando non se cumpran os obxectivos de xestión fixados na normativa vixente.»

Catro. Inclúese un parágrafo final no punto terceiro do artigo 31:

«A implantación de sistemas de depósito, devolución e retorno de residuos establecerase con carácter voluntario, co límite dos supostos recollidos no artigo 31.2.d).»

Cinco. O número 3 do artigo 32 queda redactado como segue:

«3. Os produtores que opten por un sistema colectivo para o cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada constituirán unha asociación das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, ou outra entidade con personalidade xurídica propia sen ánimo de lucro. Os sistemas colectivos axustarán o seu funcionamento ás regras propias da figura xurídica elixida para a súa creación e garantirán, en todo caso, a participación dos produtores en función de criterios obxectivos, así como os seus dereitos á información, á formulación de alegacións e á súa valoración, de conformidade co que regulamentariamente se estableza.

Os sistemas colectivos deberán solicitar unha autorización previa ao inicio da súa actividade. O contido mínimo da solicitude será o previsto no anexo X e presentarase ante o órgano competente da comunidade autónoma onde o sistema teña previsto establecer a súa sede social.

Unha vez comprobada a integridade documental do expediente, a solicitude de autorización será remitida á Comisión de Coordinación en Materia de Residuos para o seu informe con carácter previo á resolución da comunidade autónoma. A comunidade autónoma concederá, se procede, a autorización na cal se fixarán as condicións de exercicio. A autorización será válida para todo o territorio nacional e inscribirase no Rexistro de Producción e Xestión de Residuos. As condicións de exercicio e a autorización deberanse axustar aos principios previstos no artigo 9 da Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio. O prazo máximo para a tramitación da autorización será de seis meses prorrogables, de xeito motivado, por razóns derivadas da complexidade do expediente; a dita prórroga poderase facer por unha soa vez, por un tempo limitado e antes de que expirase o prazo orixinal. Transcorrido o prazo sen se notificar resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude presentada.

O contido e a vixencia da autorización serán os que estableza a regulación específica. Cando non se indique o prazo de vixencia, a autorización terá unha duración de cinco anos e renovarase seguindo o establecido neste número. A autorización non se poderá transmitir a terceiros.

Durante a vixencia das autorizacións, a Comisión de Coordinación en Materia de Residuos poderá realizar o seguimento do cumprimento das autorizacións e das condicións de exercicio.»

Seis. Modifícase o número 6 do artigo 32 do seguinte modo:

«6. A normativa de cada fluxo de residuos poderá prever a participación dos distribuidores de produtos e outros axentes económicos nos sistemas colectivos e no cumprimento das obrigas derivadas da responsabilidade ampliada.»

Sete. Modificación do primeiro parágrafo do número 1 do artigo 41 do seguinte modo:

«1. As persoas físicas ou xurídicas que obtivesen unha autorización de tratamento de residuos das previstas no artigo 27 enviarán anualmente ás comunidades autónomas, e no caso dos residuos de competencia municipal ademais ás entidades locais, unha memoria resumo da información contida no arquivo cronolóxico co contido que figura no anexo XII. Aquelas que realizasen unha comunicación das previstas nesta lei manterán o arquivo cronolóxico á disposición das autoridades competentes para os efectos de inspección e control.»

Oito. Modifícase número 3 do artigo 49 do seguinte modo:

«3. No suposto de abandono, vertedura ou eliminación incontrolados dos residuos cuxa recollida e xestión corresponde ás entidades locais de acordo co artigo 12.5, así como no da súa entrega sen cumprir as condicións previstas nas ordenanzas locais, a potestade sancionadora corresponderá aos titulares das entidades locais.»

Nove. Modifícanse os números 3 e 4 da disposición adicional segunda e suprímese o número 6 da dita disposición. Os números 3 e 4 quedan redactados do seguinte modo:

3. Establecerase regulamentariamente o calendario de substitución de bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable, así como as fórmulas previstas para o cumprimento do dito calendario.

4. Crearase un grupo de traballo especializado no seo da Comisión de Coordinación para o estudo das propostas sobre a prevención e a xestión dos residuos das bolsas comerciais dun só uso de plástico non biodegradable. O dito grupo de traballo analizará a información dispoñible tanto a nivel internacional como estatal e autonómico, en materia de normalización e análise de ciclo de vida, entre outros aspectos relacionados co obxecto desta disposición.»

Dez. Introdúcese unha nova disposición adicional décimo sexta:

«Disposición adicional décimo sexta. *Residuos reciclables.*

Os produtores ou outros posuidores iniciais de residuos reciclables poderán priorizar que o seu tratamento completo se realice dentro da Unión Europea co fin de evitar o impacto ambiental do seu transporte fóra dela, de conformidade coa normativa aplicable.»

Once. Modifícase a disposición transitoria cuarta do seguinte modo:

«1. Os sistemas integrados de xestión de residuos existentes no momento da entrada en vigor desta lei rexeranse polo previsto na Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, e as normas reguladoras de cada fluxo de residuos. Non obstante, os ditos sistemas adaptaranse ao establecido nesta lei no prazo dun ano desde que entren en vigor as normas que adapten as citadas disposicións reguladoras.

2. Aqueles sistemas de responsabilidade ampliada cuxa comunicación ou solicitude de autorización fose presentada antes da entrada en vigor das normas de adaptación mencionadas no número un quedan sometidos ao réxime xurídico previsto no punto anterior.»

Doce. O número 7 do anexo X queda redactado do seguinte modo:

«7. Procedemento de recollida de datos dos operadores que realicen actividades relacionadas co exercicio das funcións do sistema colectivo de responsabilidade ampliada e de subministración de información ás administracións públicas.»

Trece. Modifícase a letra c) do número 1 da disposición derradeira terceira, que queda redactada nos seguintes termos:

«c) Establecer normas para os diferentes tipos de residuos, nas cales se fixarán disposicións particulares relativas á súa produción e xestión. Así mesmo, poderanse establecer regras específicas para a implantación de sistemas de depósito para produtos reutilizables e, en particular, para envases reutilizables de cervexas, bebidas refrescantes e augas de bebida envasadas.»

**Artigo cuarto.** *Modificación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.*

Engádese unha disposición adicional vixésimo primeira na Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, co seguinte teor literal:

«Disposición adicional vixésimo primeira.

1. As empresas que prestan servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas a prestar servizos de investimento poderán, ademais de realizar as actividades recollidas no artigo 63.1, presentar ofertas en nome dos seus clientes nas poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que non sexan instrumentos financeiros, a que se refire o Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010, sobre o calendario, a xestión e outros aspectos das poxas dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro conforme a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade. Para tal fin deberán incluír esta actividade no programa de actividades a que se refire o artigo 66.

2. A Comisión Nacional do Mercado de Valores será a autoridade competente para sancionar as persoas responsables do incumprimento no noso territorio dos artigos 37 a 42 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, en relación coas poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, que non sexan instrumentos financeiros, celebradas no noso territorio ou fóra del.

3. Para os efectos do disposto no número anterior, a Comisión Nacional do Mercado de Valores contará coas facultades de supervisión e inspección previstas nesta norma.

4. En caso de incumprimento dos artigos 37 a 42 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, será de aplicación o réxime sancionador previsto no capítulo II do título VIII desta lei en relación coas operacións con información privilexiada ou que poidan constituír manipulación de mercado, coas seguintes particularidades:

- a) Exceptúase o disposto no artigo 99, alínea ñ), e no artigo 100, alínea m).
- b) A remisión contida no artigo 99.o.bis) entenderase feita unicamente ao artigo 81.4, ao artigo 83.1.d) e ao 83.2.
- c) A remisión contida no artigo 100.x.ter) entenderase feita unicamente ao artigo 81.4, ao artigo 83.1.d) e ao 83.2, sendo as plataformas de poxas e as entidades supervisoras das poxas os suxeitos obrigados.
- d) A remisión contida no artigo 100, punto x), entenderase feita unicamente ao artigo 81, exceptuando o seu número 3.

5. Constituirá unha infracción moi grave o incumprimento das normas de conduta a que se refire o artigo 59 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010, así como o incumprimento da obriga de adoptar as disposicións estruturais a que se refire o artigo 42.4 deste, cando tivese lugar con ocasión dunha concreta operación constitutiva de información privilexiada.

Constituirá unha infracción grave a adopción das medidas previstas no artigo 42.4 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010 de xeito insuficiente.

6. A CNMV cooperará con outras autoridades competentes da Unión Europea, coas plataformas de poxas e coa entidade supervisora das poxas sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas no Regulamento (UE) n.º 1031/2010 e en relación coas materias e nos termos que no dito regulamento se establecen.

7. Exceptúanse do deber de segredo regulado no artigo 90 as informacións que a CNMV deba facilitar ás autoridades competentes, coas plataformas de poxas e coa entidade supervisora das poxas, en materia de poxas de dereitos de emisión de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1031/2010.

8. Para os efectos do previsto nos números anteriores, resultarán de aplicación as definicións de información privilexiada e manipulación do mercado recollidas no artigo 37 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010.»

**Artigo quinto.** *Modificación da Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.*

A Lei 1/2005, do 9 de marzo, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, queda modificada nos seguintes termos:

Un. A letra d) do artigo 7 queda redactada como segue:

«d) Suspensión da actividade da instalación durante un prazo superior a un ano. Excepcionalmente, o órgano competente poderá demorar a extinción da autorización ata que transcorra un prazo máximo de 18 meses de suspensión da actividade, de acordo co previsto na normativa regulamentaria de desenvolvemento desta lei e no dereito comunitario.»

Dous. O ordinal 4.º do número 2 do artigo 29 queda redactado como segue:

«4.º Ocultar ou alterar intencionadamente a información exixida no artigo 19.3 ou incumprir a obriga de informar, ao abeiro do artigo 6, de cambios na instalación que poidan ter incidencia na determinación do volume de dereitos asignados.»

**Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio dos recursos hidráulicos subterráneos sobreexplotados.*

1. As augas subterráneas que no momento da entrada en vigor desta lei se encontren afectadas por unha declaración de sobreexplotación rexeranse pola lexislación anterior ata que, conforme o disposto no artigo 56 do texto refundido da Lei de augas, teña lugar a declaración como masa subterránea e a conseguinte aprobación do programa de actuación.

2. No caso das augas subterráneas que fosen declaradas sobreexplotadas con anterioridade á entrada en vigor desta lei pero que aínda non contén con plan de ordenación de extraccións, deberase levar a cabo a redacción e aprobación do plan de actuación previsto no artigo 56.1, letra b), do texto refundido da Lei de augas, no prazo previsto no dito precepto, que se contará a partir da entrada en vigor desta lei.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

1. O artigo primeiro dítase ao abeiro da competencia atribuída ao Estado no artigo 149.1, cláusula 18.<sup>a</sup>, para os números un, tres, cinco a nove, quince e dezaseis, cláusula 22.<sup>a</sup>, para os números dous, doce e trece, cláusula 13.<sup>a</sup>, para os números catro, once e catorce.

2. O artigo cuarto, polo que se modifica a Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, dítase ao abeiro do disposto nas regras 6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución.

3. A disposición transitoria única dítase ao abeiro da habilitación contida na cláusula 13.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

**Disposición derradeira segunda.** *Desenvolvemento do dereito da Unión Europea.*

O artigo cuarto da presente lei, polo que se incorpora a disposición adicional vixésimo primeira á Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, dítase en desenvolvemento do Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010, sobre o calendario, a xestión e outros aspectos das poxas dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro conforme a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade.

**Disposición derradeira terceira.** *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 19 de decembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY